

CINECIDADE CINECIDADE

A cidade imaxinada

ciclo de cine do 6 ó 10 de outubro 2008

Centro Galego de Arte Contemporánea. CGAC
Rúa Valle-Inclán, s/n. Santiago de Compostela
horarios 20.00 h e 22.15 h. **Entrada Gratuíta**



CineCidade inténrase no mundo das cidades imaxinadas, irreais, ideais, inventadas,...

A cidade é un dos temas fundamentais de traballo e reflexión de arquitectos, urbanistas, economistas e políticos. Non só se centran nas cidades reais, senón que tamén botan unha ollada ó futuro e se imaxinan outras realidades ficticias, en ocasións utópicas, ideando como podería ser a vida noutras condicións sociais ou naturais. As cidades tamén pasaron a formar parte do mundo do cine desde a súa máis incipiente existencia.

De cotío arquitectos e urbanistas imaxinan espazos urbanos, que chegan a materializarse, total ou parcialmente, nun lugar concreto (*Chandigarh, Brasilia ou Salinas de Chaux*); mentres que noutros casos nunca chegan a saír do papel, quedándose nun simple esbozo.

As ideas visionarias dos arquitectos serven coma fonte de inspiración para os decorados de moitas películas, sendo noutras ocasións os propios arquitectos os que aplican directamente as súas ideas na creación de escenarios urbanos para o cine.

A chegada da tecnoloxía dixital abre un novo mundo á concepción urbana no cine, permitindo desenvolver ambientes máis complexos.

Esta 2ª edición de Cinecidade presenta algunhas novidades coas que quixemos complementar o ciclo de cine. Coincidindo cos actos que se celebran en Santiago para conmemorar o *Día Mundial da Arquitectura*, comezaremos na Praza da Quintana coa proxección do vídeo *The Child* de Antoine Bardou-Jacquet. O Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), será a nova sede do ciclo, onde ademais de ver cine, tamén falaremos del. Jorge Gorostiza achegaranos mediante imaxes e palabras ó cine e ás cidades imaxinadas coa súa conferencia *Imaxinar a cidade: Ficción e realidade no cine*.

Esperámosvos.

Carmen García González
Carmen Rey López
Susana Rodríguez Alemparte

programa

LUNS 6 DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA

Presentación do ciclo coincidindo cos actos organizados pola delegación de Santiago do COAG para celebrar o Día Mundial da Arquitectura na Praza da Quintana a partir das 20:00 h
Proxección do vídeo-clip *The Child* (música de Alex Gopher) de Antoine Bardou-Jacquet.

MARTES 7

20.00 h **Metrópolis**. Fritz Lang
22.15 h **Metrópolis** animación de Hayashi Shigeyuki (Rin Taro).

MÉRCORES 8

20.00 h **A cidade dos nenos perdidos**. Jean-Pierre Jeunet e Marc Caro
22.15 h **Immortel (ad vitam)**. Enki Bilal

XÓVES 9

20.00 h **Dark City**. Alex Proyas
22.15 h **A Illa**. Michael Bay

VENRES 10

20.00 h Conferencia de Jorge Gorostiza
Imaxinar a cidade: Ficción e realidade no cine.
21.30 h **Blade Runner**. Ridley Scott

*Todas as proxeccións son en V.O. subtitulada.



THE CHILD

EEUU-Francia/1999
Dirección: Antoine Bardou-Jacquet
Video-clip

Vídeo creado polo director Antoine Bardou-Jacquet (H5 Studio), para o tema *The Child* do DJ francés Alex Gopher.
O vídeo narra a carreira dunha embarazada e a súa parella en taxi, buscando o hospital máis próximo, salvando todo tipo de obstáculos no seu percorrido por Manhattan.
Todos os elementos son palabras: persoas, coches, edificios, etc. Unha auténtica obra de arte da tipografía.



METRÓPOLIS

Alemaña/1927/120 min.
Dirección: Fritz Lang
Reparto: Alfred Abel, Gustav Fröhlich, Rudolf Klein-Rogge, Brigitte Helm

Filme baseado na novela de Thea Von Harbou e considerado a primeira película de ciencia ficción. *Metrópolis* é unha cidade do século XXI onde os señores viven placidamente mentres que os obreiros traballan para eles na cidade soterrada controlando enormes máquinas. Tras comprobar a inxustiza social do seu pai, o fillo do amo de *Metrópolis* namórase cando escoita a María transmitindo unha mensaxe de esperanza a todos os traballadores. Un malévolo sabio constrúe un androide á imaxe de María, para sementar a discordia entre os rebeldes. Pero o robot escapa do control do científico,...



METRÓPOLIS (Animación)

Xapón/2001/109 min.
Dirección: Hayashi Shigeyuki (Rin Taro)
Animación

Inspirada no clásico de Fritz Lang e con numerosas referencias a *Blade Runner*. *Metrópolis* é unha grandiosa cidade habitada por humanos e robots, constituíndo unha sociedade totalmente segmentada. A clase dominante controla a cidade dende os rañaceos mentres que os traballadores móvense polo subsolo xunto cos androides. Un grupo de androides inicia unha revolta ó tempo que un detective de fora da cidade busca a un científico para arrestalo e quitarlle a súa última creación, Tima.



A CIDADE DOS NENOS PERDIDOS

Francia/1995/114 min.
Dirección: Jean-Pierre Jeunet, Marc Caro
Reparto: Dominique Pinon, Ron Perlman, Jean-Claude Dreyfus, Daniel Emilfork

Krank é un científico que rapta nenos para poder roubarlles o soño pracenteiro e así, poder soñar el. Para levar a cabo os seus escuros propósitos este científico conta cun camión que rapta ós nenos. É así, como o pequeno irmán de One é raptado. Ose comeza unha búsqueda desesperada que o leva a coñecer a Miga e a súa cuadrilla. A película é un despregue de artesanais efectos especiais (tan funambulescos como as fantasías de *Méliés* de principios do século XX) e posúe unha valiosa carga de humor negro.



IMMORTEL (AD VITAM)

Francia-Reino Unido-Italia/2004
135 min.
Dirección: Enki Bilal
Reparto: Linda Hardy, Thomas Kretschmann, Charlotte Rampling, Yann Collette, Frederic Pierrot

Baseada na triloxía de banda deseñada formada polas obras *A feira dos inmortais*, *A muller trampa* e *Frío Ecuador*, está escrita e dirixida por Enki Bilal, creador da saga.
Horus, deus dos ceos, e creador dos homes foi condenado a morte polos seus pares no ano 2095, antes de que a sentenza sexa executada e durante 7 días, o que dura o palpito do corazón dunha divindade, debe encontrar unha fórmula que lle permita sobrevivir. Visión futurista de New York cunha estética a cabalo entre *O quinto elemento* e *Blade Runner*.



DARK CITY

EEUU/1998/101 min.
Dirección: Alex Proyas
Reparto: Rufus Sewell, Kiefer Sutherland, Jennifer Connelly, Richard O'Brien


John Murdoch espérase a medianoite na bañeira dun hotel, queixado dunha amnesia que lle impide lembrar o seu pasado a excepción de pequenos retallos dun lugar onde se supón pasou a súa infancia. Pero a falta de recordos é o menor dos seus problemas xa que por unha parte é perseguido pola policía acusado dunha serie de asasinatos en serie de prostitutas e, por outra descubre que a cidade é manipulada na sombra por un misterioso grupo chamado *Os Ocultos*.



A ILLA

EEUU/2005/127 min.
Dirección: Michael Bay
Reparto: Ewan McGregor, Scarlett Johansson, Djimon Hounsou, Sean Bean, Steve Buscemi, Michael Clarke Duncan

No ano 2019 gran parte do mundo atópase contaminado. Unha comunidade de persoas rescatadas do exterior sobreviven nunha colonia baixo un estrito control. A única saída e ser elixido para ir á *Illa*, o derradeiro recanto do mundo libre de contaminación. A curiosidade de dous dos habitantes os leva a descubrir que toda a súa vida é unha mentira e que a *Illa* é un engano onde os seres humanos son máis valiosos mortos que vivos.



BLADE RUNNER

EEUU/1992/117 min.
Dirección: Ridley Scott
Reparto: Harrison Ford, Rutger Hauer, Sean Young, Edward James Olmos, Daryl Hannah, Joanna Cassidy

Existen distintas versións do filme. A que se proxecta nesta ocasión é a montaxe do director do ano 1992.
Un ex policía é recrutado para cazar uns androides, os replicantes, que inician unha revolta no espazo e foxen á Terra. Filosófica por momentos e violenta por outros, a película de Ridley Scott é unha adaptación de *Do Androids Dream of Electric Sleep* de Philip K. Dick con reminiscencias de *Metrópolis* de Fritz Lang.

organiza



colabora



organización: Carmen García González, Carmen Rey López, Susana Rodríguez Alemparte
colaboración: Nestor Otero Rando
e-mail: s_cultura@coag.es http://www.coag.es/websantiago/cinecidade.html

deseño gráfico: creación animal

CINECIDADADE

A cidade imaxinada

ciclo de cine do 6 ó 10 de outubro 2008

6 de outubro DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA

Proxección na Praza da Quintana

The Child (música de Alex Gopher)

director: Antoine Bardou-Jacquet

do 7 ó 10 de outubro no CGAC

Metrópolis

director: Fritz Lang

Dark City

director: Alex Proyas

Metrópolis (Animación)

director: Rin Tarō

Blade Runner

director: Ridley Scott

A cidade dos nenos perdidos

director: Jean-Pierre Jeunet e Marc Caro

Conferencia de Jorge Gorostiza

Imaxinar a cidade:

Ficción e realidade no cine

Immortel (ad vitam)

director: Enki Bilal

A Illa

director: Michael Bay

*Todas as proxeccións son en V.O. subtitulada.

Centro Galego de Arte Contemporánea. CGAC
Rúa Valle-Inclán, s/n. Santiago de Compostela

horarios 20.00 h e 22.15 h. **Entrada Gratuíta**

organiza



colabora

